

Presentación do libro "ECOLOXIA E CRISTIANISMO

de Vitorino Pérez Prieto. *Miguel Buxo Araújo*

20/10/1998

Un libro oportuno: Pois estudia un tema de máxima actualidade e faino dun xeito moi completo: dende a nosa realidade, dende a mesma Palabra de Deus, desde os grandes ecoloxitas na historia da Igrexa, desde a Teoloxía e o mesmo Maxisterio da Igrexa. Moi interesante o prólogo de Xosé Antón Miguélez.

Un libro necesario; pois cobre unha lagoa que existía na literatura eclesiástica de Galicia e mesmo de España. Cecaís aquí eu lle houbese engadido un capítulo sobre o pecado ecolóxico.

Un libro apto para todos: Agás algún tema, máis ou menos técnico, todos o poden seguir.

Polo tanto temos que felicitar ó seu autor con toda sinceridade.

Suposto isto eu aportaría aquí algunhas ideas:

1) Houbera preferido que no capítulo segundo se distinguise entre causas do problema ecolóxico e efectos do mesmo problema. Penso que o aumento do anhídrido carbónico non é unha causa senón máis ben un efecto; e o mesmo a diminución da biodiversidade ou diminución da camada de ozono, ou a contaminación dos ríos, mares, etc.

Cando fala do Maxisterio da Igrexa, chámame a atención que non faga referencia algunha ó concilio Vaticano II, pois aínda que este non se propuxo tratar deste problema en directo, contén un montón de ideas sobre o mesmo. Tamén se nota a falta da cita de tres documentos de Paulo VI: un discurso a FAO, no ano 1970, a mensaxe mandada ó Congreso de Xuristas católicos celebrado en Roma no ano 1971; e o terceiro a súa mensaxe ó Congreso mundial das Nacións Unidas, celebrado en Estocolmo, no ano 1972.

En canto a Xoán Paulo II temos unhas palabras preciosas que pronunciou no ano 1987 cando andaba polas montañas de Cadore e polas fragas de Belluno: "O amor pola terra, o respecto pola nai terra, non se pode afastar do amor de Deus e do amor ós nosos irmáns, os homes. O respecto polos recursos da terra a todos nos afecta. É preciso que dunha vez o home dea un golpe de timón de cento oitenta grados. O home debe aprender a respecta-la vida e construír así unha morada digna da universal familia humana. Ter coidado da terra é para todo cristián unha obriga moral".

Finalmente diría que esa parábola ou metáfora de o mundo corpo de Deus debese entender ben, pois se non doadamente podemos caer nun panteísmo. Acepto un cosmocentrismo, pero no cumio deste teño que poñer-lo home.

Non deixa de sere curioso que o Catecismo da Igrexa Católica non faga referencia algunha ó problema ecolóxico. Tan só atopei estas pobras, cando fala da creación do mundo e máis do home: "Por isto, o home debe respecta-la bondade propia da cada criatura para evitar un uso desordeado das cousas, que desprece ó Creador e produza

consecuencias nefastas para os homes e para o seu ambiente" (n.339, p.83) e no n.º.341, cando fala da creación que reflicte a beleza do Creador, diranos: "Debe inspira-lo respecto e a sumisión da intelixencia do home e da súa vontade". Tamén, cando fala do home como administrador de Deus sobre a creación: "Daí a súa responsabilidade fronte ó mundo que Deus lles confiou (home e muller))n.º.373.

Cando di Victorino que o Papa non cita entre as causas do problema ecolóxico a superpoboación do mundo, eu penso, co Papa, que o mundo non está superpoboado; o que está é mal repartida a tarta dos bens, tanto naturais coma producidos: tres cuartas partes da tarta van para o primeiro mundo, o desenvolvido, e para o terceiro mundo mundo no queda máis ca unha cuarta parte. Este primeiro mundo que lle está roubando ó terceiro os seus bens raíces, está ó mesmo tempo vendéndolle as armas máis sofisticadas e máis caras.